

Programa de préstamo de bicicletas da UDC

Avaliación do servizo durante o curso 2018/2019

Índice

1. O programa de préstamo de bicicletas da UDC
2. Distribución das solicitudes e das bicicletas entregadas
3. Valoración do servizo polas persoas usuarias
- 3.1. O estado das bicicletas devoltas
4. Conclusión

1. O programa de préstamo de bicicletas da UDC

O préstamo de bicicletas é un programa que leva a cabo a Oficina de Medio Ambiente (OMA) da Universidade da Coruña (UDC) coa participación do persoal bolseiro de medio ambiente e a colaboración da Asociación por unha Mobilidade Responsable Mobi-Liza.


Con este programa de préstamo preténdese fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte entre a comunidade universitaria, especialmente como medio con que poder desprazarse á UDC.

Deste xeito, proporcionáselles un vehículo adecuado para estas funcións (completamente equipado) ás persoas que así o solicitaren. Paralelamente realízanse programas formativos e informativos que pretenden facilitar e incentivar o uso efectivo das bicicletas concedidas. A concesión das bicicletas foi realizada por orde de solicitude, como en anos anteriores.

Cos datos recollidos das solicitudes e enquisas realizadas a aquelas persoas que participaron neste programa, ás que lles foi concedida unha bicicleta, podemos analizar o funcionamento do servizo tanto no tocante á súa efectividade en relación cos obxectivos propostos como no relativo ao grao de satisfacción acadado polas persoas usuarias.

2. Distribución das solicitudes e das bicicletas entregadas

Dos datos sacados das solicitudes podemos dicir que o interese polo programa de préstamo de bicicletas é maior entre as mulleres, que representaron o 62% da demanda.



Recibíronse en total 212 solicitudes, procedentes de todos os Campus e grupos de comunidade universitaria da UDC. A procedencia principal (65% das solicitudes) foi dos Campus de Elviña e A Zapateira, co 48 e 17% respectivamente, e representada principalmente polo alumnado (85% das solicitudes), gardando as proporcións esperábeis dado que a maior parte da comunidade universitaria está composta por alumnado que estuda en Elviña e A Zapateira. Os PAS e PDI que fixeron a solicitude representaron o 13%

de toda a UDC. Logo de pasar unha revisión inicial e posta a punto, o parque dispoñíbel no curso 2018/2019 foi de 82 bicicletas (18 en Campus Ferrol), que se repartiron por orde de solicitude e resultando o 80% para alumnado e 20% para PAS/PDI. As pequenas diferenzas entre solicitudes e entregas débense maiormente a dous factores, primeiro a unha distribución desigual na orde de solicitudes, xa que as concesións se dan en boa medida no primeiro tramo das solicitudes, e logo tamén ás renuncias ao préstamo, que pode afectar de forma desigual segundo o elemento considerado.

	Solicitudes (%)	Entregas (%)
Alumnado	85	80
PAS/PDI	13	20
Campus Coruña	80	80
Campus Ferrol	20	20

3. Valoración do servizo polas persoas usuarias



Ao final do servizo, as persoas usuarias cubriron unha enquisa para coñecermos o uso real que fixeran da bicicleta emprestada, así como a súa opinión a respecto do servizo proporcionado pola UDC. Por tanto, estamos ante a medición, unha vez finalizado o préstamo, da efectividade real do servizo de préstamo de bicicletas. O número de enquisas recollidas no curso 2018/2019 foi de 22 (50% homes, 50% mulleres), representando o 27% das bicicletas repartidas, que deron ao servizo unha **puntuación media de 4,45 sobre 5 puntos**.

Cambio de percepción no uso da bicicleta

O 68,2% das persoas que responderon a enquisa mostraron un aumento na súa vontade de utilizar a bicicleta nos seus desprazamentos diarios despois de ter participado no servizo de préstamo da UDC.

Non cambiou a percepción do uso da bicicleta no 27% das persoas que responderon á enquisa, e só unha persoa respondeu que este medio de transporte pasou a serlle menos útil logo de ter experimentado o uso durante o curso.

Despois deste ano, ves a bicicleta como medio de transporte para os teus desprazamentos:




O uso que se lle deu á bicicleta

En canto aos hábitos de mobilidade durante o período de préstamo, case a totalidade das persoas indicaron que nunca ou só esporadicamente utilizaron a bicicleta en días de choiva, sendo o principal factor limitante. O uso para os desprazamentos pola cidade e para achegarse á UDC foi do 41 e 27%, respectivamente (a diario + frecuente). Respecto ás enquisas recibidas no curso 2016/2017, aumentou o número de persoas ciclo-usuarias que utilizan a bicicleta a diario para achegarse á UDC, pasando do 17 ao 23%, incremento que pode estar motivado pola mellora nas infraestruturas para o tránsito en bicicleta.

O uso diario da bicicleta prestada cambiou a tendencia respecto ás enquisas do curso 2016/2017, cando se usaba mais para moverse pola cidade que para achegarse á UDC. No presente curso, foi o 23% de persoas ciclo-usuarias que diariamente foron en bicicleta aos Campus, por encima do 18% que a utilizou a diario para moverse pola cidade.

Hábitos de mobilidade durante o período de préstamo:

Diariamente/ Sempre Con frecuencia Esporádicamente Nunca



Motivación da participación no programa e uso da bicicleta

A continuación móstranse as opinións recibidas das persoas que responderon á enquisa:

Que che levou a participar no Programa de préstamo de bicicletas da UDC?

Unha mobilidade sostible para o planeta.

Siempre use las bicicletas como medio de transporte y aproveche esta grandiosa iniciativa

Economizar en transporte

Una bici me vendría bien

La facilidad para movilizarme

Poder desplazarme en un medio de transporte que ahorrare gastos y que a la vez realizara una actividad física

Comprobar cómo me podo adecuar ao uso da bicicleta para os meus transportes na miña vida.

Un excelente programa !!! Las bicicletas se encuentran en excelentes condiciones :) me gusto muchísimo que nos prestaran casco.

ecologismo

Me pareció interesante tener una bicicleta en la ciudad donde estudio

O gusto e o disfrute de andar en bici e de non poder ter unha propia.

Pois o correo que mandaron, e é o segundo ano que o solicito

O seu baixo custo

A miña afeccion ó ciclismo

Posibilidad de probar los desplazamientos en bicicleta

Coger más confianza para moverme en ciudad con la bici, muy asequible y facil

mirar de sacarle partido ao desprazamento en bicicleta

Tener la opción de moverme por la ciudad sin depender de autobuses

facer algo máis de exercicio

Comodidade no acceso as bicis

As principais vantaxes citadas foron a economía do servizo (45%) e o bo estado das bicicletas, sendo modelos robustos e adaptados á mobilidade pola cidade (23%).

Entre os aspectos de mellora considerouse o mal estado de algunhas bicicletas e a falta de infraestruturas (carril bici, aparcamentos cidade, etc) no 13,6% das enquisas para ambos factores.

Logo, como xa se mostrou nos hábitos de mobilidade no anterior apartado, menciónase a climatoloxía como un factor limitante para o uso da bicicleta (9,1% das respostas). Isto aconsella incidir na perfecta posibilidade do uso da bicicleta con chuvia se a persoa vai correctamente equipada.

Aspectos Positivos:

Bicicletas en bo estado. Parácese unha iniciativa estupenda tanto para a promoción da actividade física como para diminuír a contaminación.

Aspectos Negativos:

Un único punto de recollida e devolución de bicicletas.

Excelente iniciativa, bicicletas en perfectas condiciones. Muy útiles para ciudad	N/A
Ejercitas a la vez que te transportas a un bajo costo	La lluvia
Asequible	No hay en julio ni agosto
Costo razonable y es un servicio muy útil	Disponer de un periodo de ampliación del préstamo
Gracias a las adaptaciones en la ciudad se hace más fácil utilizar este medio para trasladarnos	Ninguno.
É barato e dispón de todo o necesario para o uso da bicicleta.	Ao sistema de préstamo, ningún fallo.
Bicicletas ideales para la ciudad, excelente iniciativa, excelente precio.	N/A
facilitar movilidad	estado anticuado de las bicicletas
Barato y buenas bicis	Bicicletas algo oxidadas
Ter a posibilidade de ter unha bicicleta durante o curso académico que che permite desprazar pola cidade, e acudir a universidade, dunha forma máis económica e saudable.	Falta de rutas pola cidade adaptadas para andar en bicicleta.
Merece a pena, é barato, e teño a bici todo o curso para cando me faga falta	Está ben en xeral.
Facilidade de préstamo, novas rutas do carril bici na cidade, etc	Falta de lugar de aparcamento público seguro na rúa, mal tempo atmosférico frecuente, etc
Custo, seguridade, mobilidade, ocio	Dificultade para gardala,
muy accesible	ninguno
Flexibilidad	Ninguno
Es sencillo de conseguir el préstamo y están en muy buenas condiciones.	Tener que desplazarse hasta la Universidad para la devolución
É unha boa opción para os que nos queremos desprazar de forma esporádica en bicicleta, e non temos opción de mercar unha. O sistema funciona moi ben,	non vin aspectos negativos
El precio	Bicis demasiado grandes y pesadas
sinxelo e cómodo	o clima da coruña
Comodidade	ir implantando as eléctricas

3.1. O estado das bicicletas devoltas

O estudantado devolveu as bicicletas a finais de xuño mentres parte do persoal devolveunas en setembro. A maioría das bicicletas foron devoltas en bo estado de uso ou con pequenos defectos. Estas bicicletas tan só presentan unha deterioración normal do seu uso, ou pequenos desaxustes en elementos en que a bicicleta prestada era menos robusta. Neste curso, denunciouse o roubo de 4 bicicletas.

O 32% das persoas usuarias tiveron que facer algún tipo de reparación da bicicleta durante o curso, que foi principalmente o mantemento debido ao uso habitual (72% das persoas que tiveron que facer reparacións, foi por rodas picadas ou desinchadas)

Tiveches que realizar algunha reparación na bicicleta?

● Non	15
● Si	7



4. Conclusión

O servizo do préstamo de bicicletas preséntase como un instrumento eficaz para aumentar o número de usuarios deste medio de transporte dentro da comunidade universitaria, en especial no que se refire ao seu uso na cidade e tamén na mobilidade aos campus. As persoas usuarias sitúanse fundamentalmente entre o estudiantado.

Os resultados desta análise indican que as persoas usuarias estimaron a posibilidade de obter de forma doada e a baixo custo unha bicicleta como unha boa oportunidade para comprobar a efectividade deste medio de transporte e medir tamén o uso real que poderían facer dela durante o ano académico.

A principal dificultade para un maior uso da bicicleta na mobilidade aos campus segue a ser a carencia de equipamentos e vías axeitadas, e así é percibido e manifestado polas persoas usuarias do préstamo. Con todo, observouse un maior uso da bicicleta prestada para acceder aos centros universitarios que en edicións anteriores.